

Expediente 10136-335

## MEMORIA ECONÓMICA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE VENTA DE ENTRADAS E CONTROL DE ACCESOS PARA EVENTOS DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS"

### 1.- OBXECTO

O presente prego ten por obxecto regular as condicións técnicas da prestación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do Servizo de Festas.

### 2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da Lei 9/2017.

#### 2.1.- Prezos unitarios e orzamento base de licitación

Para o cálculo dos prezos unitarios tivéronse como referencia os contratos tramitados polo Servizo de Festas en anos anteriores e por prestacións similares, así como prezos actualizados de mercado e contouse coa asistencia do asesor técnico do Servizo de Festas, D. Alberto Comesaña Rial (expte. 9745-335).

O cálculo dos custos dos recursos humanos están realizados en aplicación da normativa laboral vixente. Realizáronse táboas de cálculo elaboradas en funcións dos postos necesarios, da categoría profesional dos postos e o número de horas necesarias para facer os distintos traballos.

Esta normativa obriga a cumprir co establecido no vixente "IV Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia" de aplicación, atendendo a clasificación dos 5 grupos profesionais que recolle o convenio, coa súa formación correspondente e obrigatoria para cada grupo e de acordo coa táboa salarial actualizada aos efectos do 2024.

A) Equipamentos e infraestruturas: sistema de venta de entradas, impresión de entradas e sistema de rede local incluíndo servidores, antenas e instalación completa. Ademais de acreditacións.

EPTO INFRAESTRUT	PRECIO UNITARIO	UNIDADES x EVENTO				NÚMERO DE EVENTOS				TOTALES				NETO	I.V.E.	TOTAL
		TIPOLOXÍA I	TIPOLOXÍA II	TIPOLOXÍA III	TIPOLOXÍA IV	TIPOLOXÍA I	TIPOLOXÍA II	TIPOLOXÍA III	TIPOLOXÍA IV	TIPOLOXÍA I	TIPOLOXÍA II	TIPOLOXÍA III	TIPOLOXÍA IV			
Das entradas e sistema de red local incluíndo servidores, antenas e instalación	0,25	5.000	2.500	3.000		10	4	4		12.500,00	2.500,00	3.000,00	0,00	18.000,00	3.780,00	21.780,00

B) Medios humanos vencellados a prestación do servizo



**SERVIZO DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE VIGO**

Expediente 10136-335

EPTO	MEDIOS HUM	PREZO ORA/XOR	HORA/XORNADA x EVENTO				NÚMERO DE EVENTOS				TOTALES				NETO	I.V.E.	TOTAL
			TIPOLOXÍA I	TIPOLOXÍA II	TIPOLOXÍA III	TIPOLOXÍA IV	TIPOLOXÍA I	TIPOLOXÍA II	TIPOLOXÍA III	TIPOLOXÍA IV	TIPOLOXÍA I	TIPOLOXÍA II	TIPOLOXÍA III	TIPOLOXÍA IV			
Personal atención taquilla recinto		17,14	5,00	5,00	5,00		10	4	4		857,00	342,80	342,80	0,00	1.542,60	323,95	1.866,55
Personal atención taquilla venta anticipada		17,14	12,00	8,00	8,00		10	4	4		12.340,80	3.290,88	3.290,88	0,00	18.922,56	3.973,74	22.896,30
Personal atención público compra entradas		17,14	12,00	8,00	8,00		10	4	4		6.170,40	1.645,44	1.645,44	0,00	9.461,28	1.986,87	11.448,15
Personal de atención o público e incidencias		20,90	5,00	5,00	5,00		10	4	4		1.045,00	418,00	418,00	0,00	1.881,00	395,01	2.276,01
Personal Técnico mantemento Sistema Red Local		206,00	1,00	1,00	1,00		10	4	4		2.060,00	824,00	824,00	0,00	3.708,00	778,68	4.486,68
<b>TOTALES MEDIOS HUMANOS</b>											22.473,20	6.521,12	6.521,12	0,00	35.515,44	7.458,24	42.973,68

Total gastos:

	Neto	IVE	Total
<b>A) Equipamentos/infraestruturas</b>	18.000,00 €	3.780,00 €	21.780,00 €
<b>B) Medios humanos</b>	35.515,44 €	7.458,24 €	42.973,68 €
<b>A) + B)</b>	53.515,44 €	11.238,24 €	64.753,68 €
<b>Gastos xerais (13%)</b>	6.957,01 €	1.460,97 €	8.417,98 €
<b>Beneficio industrial (6%)</b>	3.210,93 €	674,29 €	3.885,22 €
<b>Total</b>	63.683,37 €	13.373,51 €	77.056,88 €

C) Prezos unitarios

CONCEPTO	PREZO UNITARIO	GASTOS XERAIS (13%)	BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO
Sistema de venta de entradas, impresión das entradas e sistema de rede local incluíndo servidores, antenas e instalación completa, ademais das acreditacións	0,25 €	0,03 €	0,02 €	0,30 €	0,06 €	0,36 €
Personal atención billeteira recinto	17,14 €	2,23 €	1,03 €	20,40 €	4,28 €	24,68 €/hora



Expediente 10136-335

Persoal atención billeteira venta anticipada	17,14 €	2,23 €	1,03 €	20,40 €	4,28 €	24,68 €/hora
Persoal atención publico compra entradas	17,14 €	2,23 €	1,03 €	20,40 €	4,28 €	24,68 €/hora
Persoal de atención o público e incidencias	20,90 €	2,72 €	1,25 €	24,87 €	5,22 €	30,09 €/hora
Persoal Técnico mantemento Sistema Red Local	206,00 €	26,78 €	12,36 €	245,14 €	51,48 €	296,62 €/xornada evento

Para a determinación da porcentaxe do 6% de beneficio industrial e máis do 13% de custos xerais tivéronse en conta os seguintes factores que poderían condicionar o número de licitadores que concorran finalmente ao concurso.

Coa aplicación dos anteditos porcentaxes considérase que se obtén unha marxe suficiente para que as empresas poidan realizar as súas ofertas en concorrencia.

## 2.2.- Valor estimado do contrato

De conformidade co establecido no artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato estipúlase tendo un prazo do contrato inicial de 1 ano e 4 posibles prorrogas e ademais un incremento do prezos do 3% no segundo ano do contrato pois está é a subida salarial mínima prevista no "IV Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia". Para cada un dos anos de prorroga aplicarase un incremento do 2%.

Método de cálculo:

Importe primeiro ano do contrato	63.683,37 €
Importe primeiro ano da prorroga	65.593,87 €
Importe segundo ano da prorroga	66.905,75 €
Importe terceiro ano da prorroga	68.243,86 €
Importe cuarto ano da prorroga	69.608,74 €
<b>Valor estimado do contrato</b>	<b>334.035,59 €</b>

## 2.3.- Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación ascende a 77.056,88 euros, dos que 13.373,51 corresponden ao IVE.

## 2.4.- Anualidades



Expediente 10136-335

A distribución por anualidades do orzamento de licitación é a seguinte:

- **Ano 2024:** 77.056,88 euros

### 2.5.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o IVE.

As ofertas dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas da licitación.

### 3.- REVISIÓN DE PREZOS

Non hai revisión de prezos

### 4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O gasto correspondente a este contrato podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario de Festas.

O contrato está previsto do Plan Anual de Contratación coa denominación: "Servizo de produción para a execución dos eventos programados polo servizo de Festas no ano 2024-2025"

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Non existe na actualidade contrato vixente.

O acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, terá que ser público e electrónico.

### 5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

Aboarase o prezo dos servizos efectivamente executados consonte aos prezos unitarios fixados no apartado 2 aplicándose a porcentaxe de desconto no prezo ofertada unha vez finalizada cada actividade programada.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:16	Páxina 4 de 5
10136-335	CSV: AHA446-598E2C-B3B481-6L61F7-5M7JQ7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**SERVIZO  
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**

Expediente 10136-335

- Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO
- Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURA

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos

Conforme

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal

